



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Conña)  
Telefo: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

### SESION PLENARIA ordinaria

#### Día venres 11 de NOVIEMBRE de 2022,

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 13:40 horas do día venres 11 de NOVIEMBRE de 2022, a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

#### ASISTENTES:

MANUEL FERREIRO MARZOA	34893023E	PP
JESUS MIGUEL PRADO CEA	46910475C	PP
JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	76329065T	PP
OSCAR BOTANA RUA	44842883J	PP
JUAN CARLOS PORTOS BRA	76368290X	PP
M <sup>a</sup> ANGELES ALVAREZ CARRO	76363609K	PP
ENRIQUE ASTRAY OTERO	45955540E	PSOE
JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	76363600N	PSOE
AURELIO GAREA PORTOS	79310360N	PSOE
MANUEL MIGUEZ VILLAVARDE	35314415P	BNG

baixo a Presidencia de ROBERTO REY MARTÍNEZ 79314640Z como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello Ángela María Viqueira Allo.

#### ORDE DO DÍA.

##### **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DO PLENOS ANTERIORES**

Preséntanse para a aprobación, no seu caso, as actas correspondentes as sesións plenarias que tiveron lugar nas datas de 08/07/2022 e 09/09/2022, distribuídas coa convocatoria. O alcalde cede a palabra aos voceiros dos distintos grupos para que se pronuncien sobre cada unha das actas, e sobre se teñen observacións ou emendas sobre elas, poñendo en considerando a retirada da orde do día da primeira das actas en atención a que falta a inclusión do punto relativo á dación en conta dos informes da alcaldía.

#### VOTACIÓNS E ACORDOS

- 1.1 APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 08/07/2022. Sométese a aprobación da acta da sesión plenaria de 08/07/2022, a votación ordinaria, e obtense o resultado de unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras presentes a favor da APROBACION.
- 1.2 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA 09/09/2022. Sométese a aprobación da acta da sesión plenaria de 09/08/2022, a votación ordinaria, e obtense o resultado de unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras presentes a favor da APROBACIÓN



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Conña)  
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dia.runa.es

### 2.- DACIÓN EN CONTA DE DECRETOS.

Dáse conta ao Pleno das resolucións da alcaldía ditadas que van dende o número 2022/141 ao número 2022/171, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real Decreto 2568/1986, 28 de novembro), que estiveron a disposición dos concelleiros e concelleiras dende a convocatoria do Pleno.

### 3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS CON CARGO A ANULACIÓNS OU BAIXAS DE CRÉDITOS DOUTRAS APLICACIÓNS. EXPEDIENTE 2022-SUPLE-01.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:

#### PROPOSTA ALCALDÍA

**Asunto: MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS CON CARGO A ANULACIÓNS OU BAIXAS DE CRÉDITOS DOUTRAS APLICACIÓNS. EXPEDIENTE 2022-SUPLE-01**

IDENTIFICACIÓN DA PROPOSTA		
Expdte. Proposta	Expdte. Inicial	Asunto
2022/G006/000325	2022/T002/000001	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS CON CARGO A ANULACIÓNS OU BAIXAS DE CRÉDITOS DOUTRAS APLICACIÓNS. EXPEDIENTE 2022-SUPLE-01
ÓRGANO XESTOR		
ALCALDÍA		
ÓRGANO QUE RESOLVE		
PLENO		

De conformidade co establecido no art. 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e sen prexuízo da decisión final que adopte o órgano competente, proponse,

#### FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Solicitado por providencia de Alcaldía de fecha 8 de novembro de 2022 modificación de créditos, modalidade de suplementos de créditos con cargo a anulación ou baixas de créditos doutras aplicacións. (2022-SUPLE-01).

Trascribese a continuación memoria de Alcaldía:



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Conña)  
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

### “Expediente núm.: 2022-SUPLE-01

#### MEMORIA Alcaldía

**Procedemento:** Modificación de Créditos, Modalidade de Suplemento de Créditos con cargo a Anulaciós ou Baixas de Créditos doutras Aplicacións.

#### MEMORIA DA ALCALDÍA

##### 1.º MODALIDADE

Os expedientes de modificación de créditos núm. 2022-SUPLE-01 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, de acordo co seguinte detalle:

##### Suplementos en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos totais
Progr.	Económica				
165	22100	Alumeado Público. Enerxia Eléctrica	120.000,00	60.000,00	180.000,00
453	21000	Estradas- Infraestructuras e bens naturais.	92.000,00	17.984,68	109.984,68
450	21300	Administración Xeral Infraestructuras. Maquinaria, instalación e utilaxe.	25.000,00	6.000,00	31.000,00
453	22103	Administración Xeral Infraestructuras. Combustible e carburante	20.000,00	12.000,00	32.000,00
1621	62900	Recogida de residuos. Otras inversións nuevas asociadas al funcionamiento	43.506,50	2.100,00	45.606,50
		<b>TOTAL ALTAS</b>		<b>98.084,68</b>	

##### 2.º FINANCIAMIENTO

Esta modificación finánciase con cargo a baixas de créditos doutras aplicacións nos seguintes termos:

##### Baixas en Concepto de Gastos

##### 1.- SUPLEMENTO DE CRÉDITO:



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Conña)  
Telefo: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica				
312	63200	Hospitais, servizos asistencias. Centros de saúde Edificios e outras construcións	25.000,00	25.000,00	0,00
1532	61900	Pavimentación de vías públicas. Outras inversión de reparación en infraestructuras e bens.	472.457,92	11.600,00	460.857,92
334	62500	Promoción cultural. Mobiliario	8.000,00	3.000,00	5.000,00
231	48000	Asistencia social primaria. A familias e a institucións sen fins de lucro	20.000,00	6.300,00	13.700,00
342	22799	Instalacións Deportivas. Outros traballos realizados por outras empresas	25.300,00	482,68	24.817,32
136	22799	Servizo de prevención e extinción de incendios. Outros traballos realizados por outras embresas	45.000,00	956,00	44.044,00
326	21900	Servizos complementarios educación. Outro inmovilizado material	500,00	500,00	0,00
943	46200	Transferencias a outras entidades. Concellos	25.000,00	6.000,00	19.000,00
920	62500	Administración xeral. Mobiliario	6.000,00	3.646,00	2.354,00
161	62700	Abastecemento domiciliario de auga. Proxectos complexos	77.100,00	40.600,00	36.500,00
		<b>TOTAL Baixas</b>		<b>98.084,68</b>	

### 3.º XUSTIFICACIÓN

Acredítanse por esta Alcaldía os requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a), b), c) e d) (segundo o caso), do Capítulo I, do Título VIN, da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

Trátase de necesidades concretas e determinadas para esta Corporación Local, tales como:



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Conña)  
Telefo: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

- Necesidade de suplementar a partida de gastos en electricidade, combustibles e gasóleo debido ao gran incremento de costes destes subministros
- Necesidade de incrementar o crédito da partida de arranxos de maquinaria e utillaxe debido tamén o incremento de costes no subministro de pezas e man de obra.
- Aumento da partida de arranxo de vías públicas por ser necesario arranxar accesos a determinados núcleos de poboación debido ao aumento do tránsito de maquinaria agrícola pesada polas tarefas da campaña de ensilado de millo e semente de praderío.
- Incremento da partida doutras inversiones novas asociadas ao funcionamento da recollida de residuos por detectarse a necesidade dun maior número de elementos de suxeción de colectores dos previstos inicialmente.

b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

c) Polo que se refire ás baixas por anulación noutras aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos, as mesmas estímanse reducibles sen perturbación do funcionamento dos referidos servizos. Trátase de baixas en licitacións e tamén proxectos que non se van a realizar neste exercicio, por non obter a financiación que levaban asociadas.”

### TEXTO DISPOSITIVO DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data	Obsevacións
1. Providencia Alcaldía	8/11/2022	
2. Memoria de Alcaldía	8/11/2022	
3. Informe Secretaría	8/11/2022	Favorable
4. Informe Intervención	8/11/2022	Favorable

### Esta alcaldía, propón ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.**- Aprobar a modificación de créditos, modalidade de suplementos de créditos con cargo a anulación ou baixas de créditos doutras aplicación. (2022-SUPLE-01)

**SEGUNDO.**- Trasladar dito acordo a Secretaría-Intervención para que proceda a súa tramitación.

**TERCEIRO.**- Publicar no BOP.

**Frades, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde, Roberto REY Martínez**

### INTERVENCIÓNS

O Sr. alcalde explica o expediente en cuestión.

O voceiro do grupo municipal BNG, don MANUEL MIGUEZ VILLAVARDE indica que a Xunta retrasa as inversión en Frades do mesmo xeito que a Deputación.

O Sr. alcalde contesta que se trata de executar orzamentos, firmar convenios que ao final no saen.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Conña)  
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

O voceiro do grupo municipal BNG, don MANUEL MIGUEZ VILLAVARDE indica que neste expediente se advirte o retraso de compromisos para Frades.

O voceiro do grupo municipal PSOE-PSdeG, don ENRIQUE ASTRAY OTERO pregunta cales son as obras que se deixan sen facer?

O voceiro do grupo municipal do PP, don MANUEL FERREIRO MARZOA, explica que unha cousa e unha baixa no capítulo 6 e outra no capítulo 2. As baixas derivadas das adjudicacións das obras incluídas no POS non dan para poder facer un novo proxecto por iso se procede a realizar unha modificación e así incrementar crédito.

### VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP  
0 PSOE  
0 BNG

Votos en contra:

0 PP  
0 PSOE  
0 BNG

Abstenciones:

0 PP  
3 PSOE  
1 BNG

O pleno por maioría dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación de créditos, modalidade de suplementos de créditos con cargo a anulación ou baixas de créditos doutras aplicación. (2022-SUPLE-01)

SEGUNDO.- Trasladar dito acordo a Secretaría-Intervención para que proceda a súa tramitación.

TERCEIRO.- Publicar no BOP.

### 4.-MOCIÓNS

Non hai.

### 5.- INFORMES

O alcalde-presidente toma a palabra para informar dos seguintes asuntos:

#### 5.1. NOVA ROZADOIRA LATERAL PARA FRADES E ORDES.

O vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo Pouso, e a directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto Viso, visitaron a mañá do Xoves 3 de novembro Frades para coñeceren a nova maquinaria adquirida conxuntamente polo Concello de Frades e o Concello de Ordes ao abeiro do **Fondo de Compensación Ambiental**.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

Foille concedido a Ordes e Frades unha subvención por importe total de **35.700€** para a desbrozadora e gastos de funcionamento.

### 5.2. ADQUISICIÓN DE BIOTRITURADORA PARA DAR SERVIZO Á VECIÑANZA

O Concello de Frades resultou beneficiario dunha axuda da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao abeiro da Orde para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Frades é un Concello Rural no que practicamente na totalidade das casas se realizan podas temporais e que existen limitacións nas queimas, o proxecto denominado "ESTRATEGIA DE XESTIÓN DE BIORRESIDUOS 2022-2023" ten como finalidade facilitar as labores de eliminación deste tipo de residuos dunha maneira sinxela mediante a adquisición dunha biotrituradora.

O Concello elaborará proximamente un procedemento para que os veciños/as interesados poidan facer uso deste servizo.

O proxecto total de gastos imputados a este proxecto é de 12.705,00€. A axuda concedida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é de 9.346,50€.

### 5.3. RED NATURA. Labores de acondicionamento da área "O muiño de Cértigos".

#### Realizouse a primeira fase.

O Concello de Frades resultou beneficiario dunha axuda da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao abeiro da Orde para investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos na Rede Natura 2000, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

O importe total da subvención concedida é de 12.912,40 € (IVE excluído), dividido nas seguintes anualidades e prazos:

- Anualidade 2022: 6.456,20 €.
- Anualidade 2023: 6.456,20 €

### 5.4. ADQUISICIÓN DE TRACTOR CON PA.

A través do Convenio de cooperación entre a Deputación de A Coruña e o Concello de Frades polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do subministro dun tractor equipado con medios auxiliares, polo que se concede unha subvención por importe de 74.880,00 euros.

A Deputación da Coruña contribúe co financiamento cunha achega do 80%. (74.880 €)

Adxudicouse a empresa MAQUINARIA AGRICOLA DEL NOROESTE, S.L. por importe de 77.330,58 euros, correspondendo en concepto de IVA (21%) 16.239,42 euros, o que fai un total de 93.570,00 euros.

### 5.5. ADXUDICACIÓN POS 2022.

- MELLORAS NO CAMIÑO DE AC 524 Á CHEDA (ABELLÁ) E OUTROS.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Conña)  
Telefo: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Adxudicado a CANARGA S.L por importe de 155.680,99 euros, correspondendo en concepto de IVA (21%) 32.693,01 euros, o que fai un total de 188.374,00 euros.

- MELLORAS NO CAMIÑO CURRÁS A RASELO (GAFOI) E OUTROS.  
Adxudicado CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. por importe de 63.842,98 euros, correspondendo en concepto de IVA (21%) 13.407,02 euros, o que fai un total de 77.250,00 euros.

### 5.6. BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

Rematou o traballo.

Desbrozaron 10,5 ha.

### 5.7. HUMANIZACIÓN DOS ENTORNOS DE PAPUCÍN E FONTE SANTAIA.

Adxudicouno a Xunta de Galicia a CANARGA, S.L.

Financiamento:

Porcentaxes da achegas	2022	2023
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (70% do custe estimado)	18.631,49 €	90.965,53 €
Concello de Frades (30% do custo estimado)	7.984,93 €	38.985,22 €
<b>Total</b>	<b>156.567,17 €</b>	

### 6.-ROGOS E PREGUNTAS.

-MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE, O voceiro do grupo municipal BNG plantexa as seguintes preguntas orais:

1.-Hai unha persoa nova ao fronte do museo dos apeiros, e así?

O alcalde explica que hai unha empresa por unha subvención de Agadic. Con esa subvención se encadra esta actividade a través dun contrato menor de servizos.

2.-Nunha charla dos eólicos había certo malestar da xente en atención a que o conclelo de Mesía facilita moito mais a tramitación que o noso?

O alcalde contesta que viñeron poucas persoas que estivo o concello aberto para ensinar o proxecto e explicalo, si ben pode ser que o técnico de Mesía teña mais experiencia na materia e outra maneira de explicar.

3.-Queixas polo sistema de pedir servizos domiciliarios como podoloxía, peluquería , son con carácter xeral ou hai prioridades?

O alcalde contesta que en atención ao que indiquen os técnicos a partires dos 65 anos.





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coaña)  
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

-ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE plantexa as seguintes preguntas orais:

1.- A desbrozadora é compartida con Ordes todo o ano ou non?

O Sr. alcalde responde que a solicitude realizase agrupado con concello de Ordes en atención a ter maior puntuación se ben non se fiscaliza quen a ten maior tempo.

2.-Rogo do centro sociocomunitario qué pasa cun rego.

O alcalde contesta que vano ir a ver.

3.- Idae efectuaron o pago ou non.

O Sr. alcalde responde que a primeira parte está aprobada pendiente de ingreso e a segunda parte estase xustificando.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14:31 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo. Ángela María Viqueira Allo.